

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE XANEIRO DE 2024**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de xaneiro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS**

**1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a exclusión dos licitadores e declaración de deserto do procedemento de licitación convocado polo concello de Lugo para a autorización do uso especial do dominio público para instalación de máquinas automáticas expendedoras, exp. 2023/C013/000003.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do servizo de colaboración co Concello de Lugo para a asistencia xurídica e representación e defensa en xuízo e a apertura do procedemento de contratación. exp. ref. 2024-C003-000001.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación mediante lotes dun servizo de conservación, mantemento e reparación dos vehículos municipais. lote 1: mecánica para camións e lote 2: mecanizado todos os vehículos municipais e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2024/C003/000002.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e apertura de licitación no procedemento de licitación para o alleamento de

## **ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refº: ispac1542781553649674852.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-1-2024

vehículos retirados da vía pública sitos no depósito municipal. Expte. ref. 2024-C005-000002.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde dos contratos de servizo de mantemento, conservación e reparación dos ceips e escolas infantis, das instalacións deportivas e dos edificios municipais e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2024-C003-000003.

Do mesmo xeito, acórdase a adxudicación na contratación do servizo de mantemento, subministración de consumibles e reparacións dos sistemas de reprodución e impresión do Concello de Lugo. Expte ref. 2023/C003/000024.

**2. FOMENTO.-** Acórdase a aprobación do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Lugo para levar a cabo actividades de colaboración no ámbito da protección civil.

### **ÁREA DE GOBRNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS**

**3. DESENVOLVEMENTO LOCAL.-** Acórdase a aprobación dun proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun axente local de innovación (categoría profesional equiparable ao Grupo B) código de proxecto 232410006.

#### **Fóra da orde do día**

- Acórdase a Resolución das reclamacións presentadas ao Orzamento Xeral 2024, Aprobación definitiva.

**Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**